

Un traballo para ser feliz

Desde que comezara a traballar, a maior ilusión de Adrián era conseguir un emprego que lle permitise coñecer moitas persoas. «Cada persoa ten unha vida diferente, chea de historias que me encantaría descubrir», pensaba. «Historias tristes ou alegres, pero sempre tan fascinantes coma a mellor das novelas». Aínda que ben se decataba de que, por moitos anos que vivise, tan só podería compartir unha mínima parte de tantas vidas coas que se cruzaba cada día.

Habitaba nunha bufarda, na parte vella da cidade. Polo día, especialmente durante o tempo de verán, o apartamento era demasiado caloroso e resultaba incómodo estar alí. Mais todo quedaba compensado polas noites, cando se asomaba á gran fiestra e podía contemplar os milleiros

de estrelas que brillaban na escuridade do ceo. Entón sentíase feliz por estar nun planeta que ofrecía marabillas así, e non acababa de entender como podía haber tantas persoas que vivían abafadas pola tristeza.

Adrián vivía só, non tivera sorte con ningunha das mozas coas que se relacionara. Dalgunha estivera namorado tolamente, pero todas o acababan deixando aos poucos meses, quizais polo que Irene, a última da lista, chamara «a súa falta de ambición». Porque Adrián entendía a necesidade de gañar diñeiro, sen el a vida podía facerse moi difícil; pero non desexaba ter un coche tan grande que non coubese nas prazas de aparcamento, nin pasar as vacacións nalgún luxoso hotel no outro extremo do mundo, nin marchar da pequena bufarda na que se sentía tan a gusto. Chegáballe con gañar o necesario para poder vivir sen sufocos cada día.

Pasara xa por moitos empregos, na procura do ideal que tanto arelaba: un traballo que lle permitise falar coa xente e compartir con ela a felicidade de vivir. Durante un tempo intentara




escribir relatos infantís. Non se lle daba mal inventar historias, e comprobara en moitas ocasións a expresión de gozo dos seus sobriños cando lles contaba algún dos contos que el creara. Pero escribir resultou ser un oficio demasiado solitario, moi afastado deses lectores que desexaba ter. Sentíase coma un náufrago nunha illa deserta, lonxe da vida que tanto lle gustaba. Ademais, cansara de ir polas editoriais ensinando os seus contos, pois sempre llos rexeitaban con argumentos que el non acababa de entender: «Son tristes», «son absurdos», «son irrealis», «excesivamente longos», «demasiado curtos»...

Despois fixera de pallaso para animar festas infantís. Mercara unha furgoneta de segunda man, decoráraa coas cores máis alegres e puxera publicidade na prensa, onde se anunciaba co nome de «O Pallaso Cuco». Ao principio todo ía ben, pois tiña moitísimas chamadas, e case sempre se divertía el tanto como as nenas e nenos que o escoitaban. Mesmo chegou a crer que aquel podería ser o traballo da súa vida. Pero decidira abandonar tras unha estarrecedora festa

de aniversario, na que acabou no fondo dunha piscina, atado de pés e mans por unha turba de nenos malcriados que decidiran animar a festa xogando a secuestrar pallasos. Horrible, horrible, aínda tremía cada vez que lembraba aquel día, no que salvara a vida grazas á intervención providencial dunha grosa criada cubana, a única persoa da casa á que aqueles monstros parecían ter algún respecto. «Que os divirtan seus pais, que para iso os trouxeron a este mundo!», concluía Adrián cando decidiu abandonar definitivamente un traballo tan perigoso.

Semanas despois, por probar, aceptou un posto de empregado nunha confeitaría. Lembra- ba con entusiasmo o libro que máis lle gustara de neno, *Charlie e a fábrica de chocolate*, e, ademais, sabía das moitas virtudes do chocolate para facer feliz a xente. Despachar bombóns e chokolatinas, ver os ollos de alegría de tantas nenas e nenos que pasarían por alí, podía ser unha experiencia moi grata.

Pero estaba equivocado. Naquela tenda case non entraban nenos, só persoas maiores que



encargaban caixas de bombóns sen apenas miralos, co mesmo aire aburrido que se mercasen un frasco de xampú. Ademais, o dono puxera dúas cámaras de vixilancia para evitar que os empregados puidesen probar os bombóns durante as horas de traballo. Cada día, Adrián tiña que reprimir as ganas de saborear algunha daquelas delicias, estendidas de xeito tentador nas bandexas dos expositores: bombóns recheos de licor, de praliné, bañados en azucre... Bombóns dos que gardan unha cereixa confeitada no seu corazón, de crocante, de trufas, acaramelados... Ás dúas semanas, incapaz de soportar aquela tortura diaria, abandonou para sempre un emprego que imaxinara tan doce, pero que acabara resultándolle moi amargo.

Adrián vira o ceo aberto algún tempo despois, cando, de casualidade, pasou por diante dunha floraría. Na porta había pegado un cartel sinxelo, feito a man: «Precísase empregada». El non era unha muller, estaba claro; aínda así, entrou sen dubidalo, co presentimento de que aquel podía ser o traballo marabilloso que tanto

tempo levaba buscando. E non lle custou moito esforzo convencer a dona Lidia, a propietaria da tenda, de que tiña diante o empregado ideal que precisaba.

Aínda que o salario que lle ofreceu era baixo, Adrián aceptou encantado. Non só estaría sempre rodeado de flores, que tiñan a virtude de elevarlle o ánimo, senón que ademais podería contribuir a facer a xente máis feliz. A que persoa non lle gusta que a agasallen cun ramo de rosas? Era certo que, ás veces, as encargas ían destinadas a algún enterro, pero abundaban moito máis as ocasións en que as flores eran mensaxeiras de felicidade.

Como era a primeira vez que tiña un empregado universitario, dona Lidia deixou nas mans de Adrián todo o referido á redacción das tarxetas coas que moitos clientes acompañaban os envíos. Un traballo do máis creativo, porque el sabía enriquecer os textos coas frases adecuadas a cada caso. Encantáballe, sobre todo, redactar as tarxetas cada vez que intuía que unha relación amorosa estaba a piques de comezar.

Lembraba coma o seu maior éxito o caso daquel home novo, tímido e nervioso, que entrou na floraría e encargara o ramo máis fermoso de todos cantos tiñan, pero que logo, para a tarxeta, escribira un texto frío e gris, case telegráfico:

*«Feliz aniversario, Ana.
Un saúdo de Ramón.»*

Tras marchar o home, Adrián non o dubidou nin un segundo. Un ramo así, e os ollos ilusionados que observara no cliente, levárono a substituír aquela tarxeta rutineira por outra cun texto máis cálido:

*«Querida Ana: cada día que pasa, medra en min
o desexo de verte. Sería maravilloso poder estar contigo
nun día tan importante para ti.
Recibe a miña aperta máis cariñosa. Ramón.»*

O home volveu aos poucos días para darlle as grazas, emocionado polos acontecementos

que o envío provocara. Aquela Ana, tras recibir as flores e ler a tarxeta, decidira deixarse levar polo corazón e embarcara no primeiro avión desde Barcelona para pasar a fin de semana con el, uns días maravillosos durante os cales se xuraran eterno amor.

Adrián sentíase exultante; aquel emprego ofrecíalle as oportunidades coas que sempre soñara. Pero o destino parecía empeñado en que a súa felicidade fose esquiva. Ás poucas semanas de estar na floraría, comezou a ter repentinas erupcións na pel, que se lle encheu de diminutos grans vermellos pola maior parte do corpo. Ademais, unha catarreira persistente facíao estar moqueando durante todo o día, algo moi molesto cando tiña que atender os clientes. Foi ao médico, fixéronlle probas e análises, e o diagnóstico foi concluínte: tiña alerxia ao pole. Unha doenza que facía imposible a súa continuidade na floraría.

Tras aquela oportunidade perdida, aínda tivo Adrián outros empregos: vendedor de enciclopedias a domicilio, taxista nocturno, profesor

nunha academia de inglés, saxofonista nunha orquestra... Pero de todos acabou canso e insatisfeito. Estaban ben para gañar a vida, mais ningún deles lle ofrecía a oportunidade que tanto buscaba, a de facer máis feliz a xente anónima coa que se cruzaba cada día.

